

# Cursos de Adaptación ao Grao – Cursos Ponte

## Curso 2023/2024

Poderá acceder por esta vía quen estea en posesión dun **título de diplomado, de mestre ou de enxeñeiro técnico** e desexe obter o correspondente título de grao mediante a realización dun curso ponte. O cadro coa oferta de prazas indica as direccións de internet onde se pode consultar se existen ou non criterios específicos de selección e/ou outros requisitos.

**A admisión solicitarase** segundo o establecido na **sede electrónica**, para o que é necesario posuír algún medio válido de identificación electrónica.

curso ponte	prazas	procedemento de admisión	criterios elección <sup>1</sup>	información adicional publicada	formalización da matrícula
Educación Infantil	20	Sede electrónica	SI	Facultade de Educación e Traballo Social	Autoservizo
Educación Primaria	20	Sede electrónica	SI	Facultade de Educación e Traballo Social	Autoservizo
Educación Social	20	Sede electrónica	SI	Facultade de Educación e Traballo Social	Autoservizo
Traballo Social	20	Sede electrónica	SI	Facultade de Educación e Traballo Social	Autoservizo

### PRAZOS de Admisión:

O prazo de presentación de solicitudes pola sede electrónica da UVigo (<https://sede.uvigo.gal/>) é do **1 de xuño ao 15 de xullo**

As **listaxes provisionais** de admitidos, excluídos e de agarda, publicaranse no taboleiro electrónico como máximo sete días naturais despois de pechado o prazo de presentación de solicitudes.

Haberá un prazo de tres días naturais, contados dende o seguinte a esta publicación, para a **presentación de reclamacións** na sede electrónica.

As **listaxes definitivas** de admitidos, excluídos e de agarda estarán como mínimo o día anterior ao comezo do prazo ordinario de matrícula.

### DOCUMENTACIÓN Admisión: (só para titulados por outras universidades)

- Título universitario
- Certificación académica expedida polo centro de estudos coas cualificacións obtidas nos estudos rematados ou, credencial de homologación expedida polo Ministerio de selo caso.

### PRAZOS de Matrícula:

O prazo ordinario de matrícula é do **23 de agosto ao 11 de setembro**

## DOCUMENTACIÓN de Matrícula:

Formalizada a matrícula, quen teña que achegar documentación deberá facelo antes de que remate o prazo de presentación (**30 de setembro**), xa que pasado o prazo de entrega e detectada a falta da mesma, procederase a cambiar o estado da matrícula de “activa” a “bloqueada”.

- Quen superase a titulación en cursos anteriores, presentará declaración responsable de non terse matriculado anteriormente noutra titulación universitaria ou polo contrario, xustificante de ter solicitado o traslado do expediente da universidade de orixe. **A falta deste documento será motivo de bloqueo de matrícula.**
- Documentación relativa a exencións marcadas na matrícula, de se-lo caso.

## OUTROS PRAZOS:

### **Modificación de materias matriculadas:**

- Primeiro período: **do 25 ao 29 de setembro** para calquera materia.
- Segundo período: **do 19 ao 23 de febreiro** só para materias do segundo cuatrimestre.

### **Anulación total:**

Poderase solicitar a anulación total de matrícula na sede electrónica **ata o día 15 de outubro**.

### **Cambio de réxime de permanencia (de tempo completo a tempo parcial):**

De xeito xeral quen desexe solicitar cambio no réxime de permanencia terá que solicitalo **no mesmo momento da formalización da matrícula**. A quen unha causa sobrevida debidamente xustificada, logo de comezado o curso académico, lle impida seguir a tempo completo, poderá solicitar o cambio a tempo parcial ata o último día do período de modificación do segundo cuatrimestre.

### **Solicitar transferencia e recoñecemento de créditos:**

- Nos meses de **xuño, xullo e agosto**. Resolverase antes do 30 de setembro.
- Quen formalice a matrícula en setembro e outubro poderá solicitalo **no momento de matricularse**. Resolverase non máis tarde dun mes contado dende o seguinte ao da data da formalización da matrícula.
- Quen tendo pendentes cualificacións, resulte admitido por calquera vía, poderá solicitalo nos **15 días seguintes** ao de ter completado o expediente. Os centros resolverán esta nova solicitude antes do 30 de setembro.
- **Ao longo de todo o curso académico** poderase presentar solicitudes de recoñecemento de créditos optativos por actividades culturais e/ou prácticas